



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

BANDO MUNICIPAL Nº: 2/2026

Don José Ángel Penas García, Alcalde-Presidente do Concello de Toques (A Coruña);

INFORMA:

Que O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO acaba de publicar unha convocatoria **de axudas para rehabilitación de vivendas no rural**. Procedemento (VI435E).

Serán obxecto de subvención as seguintes actuacións:

A execución **de obras de rehabilitación, terminación e/ou ampliación de vivendas** así como as actuacións dirixidas **ao cambio de uso de locais e entreplantas para destinalos a vivenda**.

Dentro das actuacións de rehabilitación, enténdense incluídas as **de accesibilidade, conservación, habitabilidade, sustentabilidade e eficiencia enerxética das vivendas**, así como as actuacións para a medición e a execución de obras que eviten a entrada do **gas radón** ou a adopción de medidas que garantan a súa eliminación do interior das vivendas.

REQUISITOS DAS VIVENDAS

- Estar situados nun concello da Comunidade Autónoma de Galicia con poboación **inferior a 5.000 habitantes**.
- Dedicarse a **residencia habitual** e permanente das persoas propietarias e/ou usufrutuaras ou **a alugueiro durante un prazo, como mínimo, de cinco anos**.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR: (VER BASES DA CONVOCATORIA)

IMPORTE SUBVENCIONABLE

As axudas serán do **75 % do orzamento protexido das obras**, sen que en ningún caso poidan superar a cantidade **de 30.000 euros por vivenda**.

O prazo das solicitudes remata o 13 de febreiro de 2026

Para máis información poden acercarse polas dependencias municipais.

Toques, 16 de Xaneiro de 2026.

O Alcalde,